

Follas do Cineclub | 18/04/2018
Instrumento
 (Instrument, Jem Cohen, Italia / EUA,
 2003, 115', VOSG)

03

These particular people in this particular place (ou como facer música cos ollos)

[Tirado de VV.AA. (2009): *Signal Fires. El cine de Jem Cohen / The Cinema of Jem Cohen*, Pamplona: Gobierno de Navarra, p. 213-216]

Digamos que se nos seus primeiros traballos a relación de Cohen coa música e os músicos podía moverse por canles máis convencionais (é dicir, a ilustración do son con imaxes, se ben ditas imaxes rompían xa co canon MTV) o encontro de Cohen con Fugazi, a banda de Washington DC, supón a quebra sen volta atrás deste tratamento para pasar a un nivel de maior complexidade e compromiso. Así, a longametraxe *Instrumento* (2001) non é un achegamento a Fugazi dende a óptica dun melómano, un fan ou un cineasta curioso, non é tampouco unha mirada dende a veneración ou a distancia prudencial, é o achegamento de igual a igual, a crónica dun artista que non teme meter as mans no proceso creativo alleo nin tratar de sortear as inevitables friccións. Dez anos seguindo ao pé da obra aos abandeirados do *post straight edge* servirán para sentar as bases dun método de traballo a través do cal esa manida idea da simbiose entre música e imaxes faise manifesta, captando a esencia do artista retratado e envolvéndoa en imaxes, entregándonos unha especie de reelaboración desa esencia, sen transmutala e sempre a través dun traballo sabio e extremadamente sensible no ensamblaxe de imaxes e a estrutura narrativa. *Instrumento* é unha obra ambiciosa, premeditadamente confusa, abraiante na cantidade de propostas que pon sobre a mesa, cunha montaxe afiada de absoluta coherencia coa proposta formal de Fugazi, unha obra que deixa ao espectador tan exhausto como o pode facer a escoita de álbumes como *Repeater* ou *In On the Kill Taker*.

É importante non perder de vista o contraste entre *Instrument* e o retrato que Cohen firmará en 2006 dunha banda irmá no ideolóxico e musical con Fugazi: os holandeses The Ex.

Construíndo unha trampa para ratos rota (2006) resulta un elocuente exercicio de concreción que rexistra unha actuación da veterana banda en Nova York. Fronte as moi dilatadas xestacións de obras como *Instrumento* ou *Benjamin Smoke* (2000), cheas ás veces de divagacións que case as achegarían a unha sorte de revisitación da *Deriva Situacionista*, este filme é un trepidante exercicio do *aquí e agora* absolutamente consecuente coa banda e o seu discurso, moito máis explícito e *in your face*.

O encontro con Fugazi e o seu selo Dischord (responsable da edición en DVD de *Instrumento*) podería axudarnos a perfilar dalgún xeito as afinidades ideolóxicas, próximas ao *punk* como el vén insistindo en numerosas ocasións, aínda que, como antes mencionabamos, falamos obviamente dunha reelaboración do concepto que supera amplamente as cronoloxías clásicas en torno ao *Never Mind the Bollocks*. Aquí o *punk* dalgunha maneira enténdese como unha actitude de inconformismo, independen-

cia e honestidade que sempre existiu: antes que Cohen e Fugazi estiveron Walter Benjamin, Jean Vigo, HD. Thoreau (obviamente) ou o xa citado William Morris; falamos dunha reescritura do concepto de *punk* (un revisionismo se queremos) que se fará máis explícita na figura de GYBE! e a súa derivación Thee Silver Mt. Zion, que en 2005 editará un álbum pura declaración de principios: *This is Our Punk Rock*. Podemos preguntarnos se é admisible que unha banda reivindique o axioma *punk* cando as súas bases formais están máis preto do rock progresivo. Eloy Fernández Porta no seu minucioso estudio *Homo Sampler* cre que *punk* neste caso funciona máis como “unha metáfora: o termo recente máis connotado para designar unha actitude de radicalismo musical e estético, ben distinta da *crueza sónica* e *o no future*”.

De acordo entón.

Camiñando polo Straight Edge.

[Tirado de <https://www.austinchronicle.com/screens/1999-09-03/73737/>]

A mediados dos anos 80, Washington DC xogou un papel no panorama mundial non só como o lugar onde residía a cada vez máis conservadora e polarizadora administración de Ronald Reagan, senón tamén como o punto focal da emerxente segunda onda do *punk rock*. Bandas como Minor Threat, Rites of Spring e o ubicuo movemento abstemio adolescente coñecido como “*straight edge*” naceron durante os anos de mocidade da escena *hardcore* de DC, alimentada tanto por un amor feroz pola música independente e todos os adornos que viñeron con ela (a arte agresiva dos pasquins, selos minúsculos como Dischord) como polo *swag* fachendoso e a fanfurriñada postadolescente da primeira onda do *punk*. O cineasta asentado en Nova York Jem Cohen creceu no medio de todo isto, compartindo instituto con luminarias da escena como Ian MacKaye. Cohen colleu a súa cámara para rexistrar a evolución da segunda gran banda de MacKaye, Fugazi.

(...)

Austin Chronicle: Como influíu no teu traballo o feito de teres crecido na escena *hardcore* de DC?

JC: En realidade non había algo como unha escena do *hardcore* nese momento. Acabei o instituto en 1980, así que as miñas experiencias en DC estiveron totalmente imbuídas nas primeiras etapas do *punk rock* como se desenvolvía daquela. Foi un tempo apaixonante. Toda a miña vida social tiña relación dunha maneira ou outra coa música local máis que coa *maría* local. Todos os meus amigos estaban a montar grupos e indo a ver grupos. A miña maneira de participar na escena foi comezar a filmala. Fixen fotos dos Teen Idles e outras bandas locais, pero non demasiadas. Foi a miña maneira de comezar. Perdíme boa parte do apoxeo da escena DC, cando desenvolveu todo o seu potencial e apareceron bandas como Rites of Spring, pero estiven alí cando iso empezaba a xerminar. Sempre lle explico á xente que o que facía iso tan marabilloso era que non era algo insular: había moitos tipos de música que nos entusiasmaban ao mesmo tempo. A xente que coñecía que eran punks estaba tamén moi interesada no rockabilly, o garaxe e a psicodelia. Todos iamos aos mesmos concertos. Compartiamos un sentimento de apertura mental moi grande. E era unha gran sensación. Todo era moi aberto daquela.

THESE PARTICULAR PEOPLE IN THIS PARTICULAR PLACE (OU COMO FACER MÚSICA COS OLLOS) / CAMIÑANDO POLO STRAIGHT EDGE

FRAN GAYO / MARC SAVLOV

AC: Como influíu no teu estilo cinematográfico?

JC: Para min hai un paralelismo obvio, que cando quixen converterme en cineasta e cando decidín que non estaba interesado no cinema comercial e a industria, tiña un modelo no que inspirarme, o modelo da música independente e o punk rock. Definiu de maneira moi forte o meu método de traballo, porque todos os meus amigos creceran querendo entrar no mundo da música e atopáronse cunha industria que os rexeitou e que non tiña ningún interese neles nin na música que facían e que estaba construída arredor dos concertos de masas. Tiven sorte por ter este precedente porque me sinalou un camiño onde de outro xeito só tería visto obstáculos.

AC: Consideráste un cineasta documental ou un cineasta que fixo un documental? Ou simplemente dáche igual?

JC: Todo o meu traballo sitúase nunha área gris entre xéneros estritos, así que nunca se trata dun documental puro, nunca hai unha narrativa convencional, e nunca describiría o meu traballo como "cinema experimental" porque é algo que bota a xente cara atrás. Este proxecto -o proxecto sobre Fugazi-, considerámolo como un "documento". Pero non sabemos o que é, en realidade. Nunca soubemos o que era. Non me importa que me chamen cineasta documental, pero non fago documentais convencionais.

AC: Foi unha decisión consciente utilizares tanto Super-8 e formatos menores no canto de 16mm ou 35mm?

JC: Tivo sempre que ver co que me podía permitir, co que tiña a man e con que estaba cómodo e podía levar no meu bolso. Non foi un plan estético predeterminado. Ese aspecto de collage é o resultado natural da forma na que se fixo o filme. E ademais, unha chea de xente doou unha gran cantidade de material abraiante que viña en todo tipo de formatos. É importante sinalar que hai unha chea de material no filme que non filmei eu mesmo. Afortunadamente, o proxecto serviu para atraer todo ese material para dentro do filme.

AC: Como te puxeches en contacto con Ian Mackaye e Guy Picciotti e por que decidiches centrarte en Fugazi?

JC: Ian e máis eu fomos ao instituto xunto así que estábamos en contacto desde a cuadrícula de saída. Adoro o grupo desde o comezo e quería ser testemuña do que facían desde o principio. Fugazi foi sempre un grupo que que quixo romper cos límites. A creación de Fugazi ten que ver cunha certa confrontación co que significaba ser un banda de hardcore de DC. A xente tiña unha noción moi rixida do que significaba e de aí vén parte da popularidade de Minor Threat. Se andabas por alí cando Fugazi comezaba estaba claro que o grupo non se ía subir ao carro dese fenómeno. Como sempre estiveron máis interesados en experimentar e navegar cara novas e múltiples direccións, iso facía máis interesante o feito de estar a filmalos ao longo de 10 anos, porque nunca sabías con que che ían saír. Tería sido tedioso se fose algo do tipo, "aí vamos, filmarmos outro concerto de Fugazi". O pracer viña de tentar crear unha forma fílmica que

rompese cos límites da mesma forma na que eles o estaban a facer como grupo.

AC: Cal era o teu obxectivo, se é que tiñas algún, coa creación de *Instrumento*? Que impacto querías ter na audiencia?

JC: Non penso cando fago filmes na maneira na que quero afectar ao público. O que fago é tentar capturar con honestidade algo que me afecta, que me rodea e que creo que é interesante e emotivo e importante e divertido. Cando comezamos co proxecto e se converteu nunha colaboración e soubemos que ía ser, algún día, algo que ía ver un público, poderíamos ter mirado outros documentais sobre música, os chamados *rockumentais*, pero iso é algo que non fixemos. Decidimos non mirar ningún deles, nin *estudar* ningún. Sentía que había unha chea de xente que ben non tivera acceso á banda ou ben tiña un prexuízo sobre como era. Quería tratar con eses problemas ata certo punto, pero sobre todo o que quería era capturar o proceso de facer música e tentar facer algo que se sentise, visualmente, como se fose música, algo no que a música estivese ligada indisolublemente ás imaxes en movemento. Isto é a resposta sinxela. Cando estaba facendo o filme non o pensaba demasiado. A música é unha parte moi importante da miña vida e parecía algo natural documentar a música desta maneira. E as actuacións de Fugazi son incrivelmente fluídas e tolas visualmente. Non hai nada aburrido cando os ves tocar. Eu só quería captar iso no filme.

AC: *Instrumento* ten unha calidade como de soño, de tronso, na súa realización e no modo no que captura todos os aspectos que forman Fugazi, desde a súa interacción cos ruidosos fans ata as actuacións en vivo.

JC: Agradezo ese comentario. Ese aspecto onírico é interesante e moi importante. Non é porque sexa algo premeditado, senón polo feito de que Fugazi, por unha banda, é algo inmediato, pura luz branca, sen trucos. É como se fosen mineiros indo a traballar. Por outra banda, hai algo alucinatorio neles.

O mundo está tolo. O mundo polo que conducimos, cando imos de xira co grupo ou simplemente cando miras pola fiestra, está tolo, e o proxecto ten que reflectir iso. Non podía ser só sobre o rock & roll, ou o indie, ou sobre catro tipos e como son, sabes? Debía tratar sobre outras cousas que son centrais para a nosa experiencia vital. Unha das razóns polas que traballo con Fugazi e eles comigo é que nos gusta viaxar a través desta loucura. É a razón pola que escriben cancións e que eu tento documentar nos meus filmes. E está ben se podemos atrapar todo iso nunha forma que por unha banda é unha simple evocación do que é ser un músico e pola outra e unha evocación non tan simple do que significa ser músico *neste mundo tan estraño*. É iso o que tentamos facer. É sobre a experiencia, e é sobre unha experiencia en curso.

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.blogaliza.org facebook.com/cineclubedecompostela [@cineclubedecompostela@gmail.com](mailto:cineclubedecompostela@gmail.com)

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

MÉRCORES 4

A noite polar
(La noche polar, Florencia Romano, Argentina, 2016, 61', VO)

MÉRCORES 11

A praza
(La plaza, Lola Clavo, Estado Español, 2016, 59', VO) Con presenza da directora

MÉRCORES 18

Instrumento
(Instrument, Jem Cohen, Italia / EUA, 2003, 115', VOSG)

SÁBADO 21

Festa do 18º aniversario do Cineclub de Compostela

Perfect Blue
(パーフェクトブルー [PáfekutoBurū], SatoshiKon, Xapón, 91', VOSG)

ESPOSA

OH! AYATOLLAH PÁLIDA

MÉRCORES 25

Todo o mundo é alguén. Rexistros dunha escena galega